



CLUB FINANCIERO VIGO  
Fundado en 1997

**Anxo Quintana,**  
vicepresidente da Xunta de Galicia

## O cambio en Galiza e a Galiza do cambio

En 2005, os cidadáns e cidadás galegas certificaron nas urnas o seu desexo de cambio político en Galiza poñendo fin a catro mandatos de gobernos conservadores presididos por Manuel Fraga. O cambio político en Galiza era imprescindible para recuperar as capacidades das institucións galegas e autorresponsabilizarnos das nosas decisións de futuro poñendo fin a unha delongada etapa de políticas fallidas sostidas polas maiorías absolutas do Partido Popular. Teño para min que naquel mandato cidadá hai dous aspectos substanciais: a demanda de asumir o noso autogoberno como un exercicio de autorresponsabilidade e a necesidade dun cambio nas prioridades políticas da acción de goberno.

O primeiro gran cambio de prioridades ao que nos comprometimos foi o desenvolvemento dun innovador marco de políticas sociais para o recoñecemento de novos dereitos e prestacións sociais mediante a creación de redes públicas de servizos e equipamento para o benestar e a igualdade de oportunidades. Tratábase de poñer as capacidades e recursos das institucións ao servizo do benestar coa construción do Sistema Galego de Benestar e o impulso dunha política social de vivenda.

O segundo gran cambio de prioridades pasaba por impulsar a mobilización dos recursos de Galiza en favor da súa economía produtiva, do reequilibrio territorial e do reforzamento da súa cohesión social:

-Impulsando novas políticas para a construción da sociedade do coñecemento, acrecentando investimentos en I+D+I e difusión das novas tecnoloxías.

-Promovendo unha nova ordenación da explotación do recurso enerxético.

-Favorecendo a expansión das industrias de bens e equipos co crecemento da industria do coñecemento.

-Deseñando unha nova política agrogandeira e forestal, como garantía de reequilibrio territorial e cohesión social.

O terceiro cambio de prioridades foi o reforzamento das capacidades do autogoberno de Galiza, o afortalamiento do noso autogoberno como expresión da capacidade de Galiza para decidir sobre o seu

futuro e para condicionar as políticas do Estado en materias estratéxicas para o noso país, con tres grandes eixos de actuación: Traspaso de novas competencias; recoñecemento e saldo da débeda histórica do Estado con Galiza; mantemento dun marco de relación política e cooperación bilateral co goberno do Estado.

### Políticas fronte á crise

Na recta final da primeira lexislatura do cambio temos que encarar a emerxencia dunha aguda crise económica que constitúe un dos maiores retos políticos. A crise combina elementos financeiros e enerxéticos de escala mundial sobre os que temos unha cativa capacidade de incidencia. Mais a globalización da crise non pode converterse nunha coartada para o abandono das responsabilidades no ámbito das nosas competencias. Temos que pensar globalmente a crise pero actuar localmente e deseñar políticas para afrontar as consecuencias da recesión económica en Galiza. A Xunta de Galicia ten que facer valer a súa capacidade de convocatoria e a potencia dos seus recursos financeiros e decisoriais para construír unha gran rede de cooperación económica e social que nos pode permitir superar con éxito os desafíos aos que nos enfrenta a crise económica.

Para garantir un crecemento económico sostible hai que crear espazos de cooperación entre a sociedade e a administración, como os dous polos esenciais dunha alianza estratéxica para o progreso económico e o benestar social.

O anterior modelo de expansión da economía do Estado e de Galiza tivo na construción e as actividades inmobiliarias a súa principal forza motriz. Se aspiramos a que a economía galega manteña un crecemento sostible e recupere o pulo do crecemento do trienio anterior teremos que diversificar os piares das nosas actividades económicas; e, malia que a construción ha seguir sendo un dos motores da nosa eco-

nomía, cómprenos madurar estratexias que reforen o papel do sector enerxético, as industrias do coñecemento, a economía do benestar ou novas actividades produtivas no noso medio rural para tomar o seu relevo e contribuír a mellorar as expectativas de crecemento económico de Galiza.

**O** Bloque Nacionalista Galego está a impulsar seis grandes liñas de intervención:

### 1. A oferta de solo industrial e a promoción da construción de vivenda protexida

**O** solo empresarial cumpre o papel que lle reservan as economías máis avanzadas: no solo empresarial atopamos un recurso clave para construír un potente mapa de competitividade e sincronizar os esforzos empresariais. A nosa política de solo industrial estanos permitindo xestionar 39,2 millóns de metros de solo produtivo. Deles, 11,6 millóns están a ser construídos ou xa a disposición das empresas, cifra moi relevante xa que en 16 anos de goberno do PP acondicionáronse tan só 10 millóns. Un notable esforzo ao que destinamos 387 millóns de euros.

**A**s liñas de acción que vertebran a nosa política social de vivenda teñen dous obxectivos: favorecer o acceso á vivenda dos sectores sociais menos favorecidos e dinamizar, nun momento de crise, un sector económico tan decisivo como o da construción cunha aposta decidida pola vivenda protexida. Sen solo non hai vivenda. E é na posta a disposición de solo onde estamos a traballar mediante o Plan Sectorial de Solo Residencial para Vivenda Protexida.

**E**ste Plan Sectorial vai posibilitar a construción de máis de 45.000 novas vivendas protexidas na próxima década: 30.500 de aquí a 2012 e 14.600 entre 2013 e 2017. O seu obxectivo é cubrir o 20% das necesidades de vivenda protexida que se estiman que son precisas en Galiza nos próximos dez anos. O volume de negocio que van xerar estas obras ascende a 3.300 millóns de euros e permitirá crear 200.000 postos de traballo.

**C**remos que o Plan Sectorial de Solo Residencial para Vivenda Protexida pode contribuír a superar o impacto da crise na construción, ofrecendo ás empresas do sector novas posibilidades para construír vivenda e así a manter os seus niveis de actividade e emprego.

### 2. A necesidade de ampliar as capacidades de Galiza no ámbito enerxético

**G**aliza beneficiouse marxinalmente da súa posición como país produtor de enerxía e o aproveitamento dos recursos enerxéticos non redundou decisivamente en beneficio da sociedade galega nin na creación dun sector industrial forte e arraigado que contribuíse á dinamización económica, vinculando o desenvolvemento enerxético con outros proxectos empresariais.

**A** nova política enerxética identifica un dos campos prioritarios no que queremos artellar unha alianza cos axentes económicos para garantir unha xestión sustentábel dos recursos eólicos pero tamén para facer pivotar ao redor da explotación das nosas fontes enerxéticas unha política de industrialización que permita diversifi-

car a base industrial da nosa economía.

**C**o novo decreto eólico queremos construír un diálogo cos grupos enerxéticos que operan en Galiza e aspiramos a materializar unha alianza estratéxica que contribúa a un cambio de cultura empresarial para que a explotación dos nosos recursos non se tense unicamente en termos de rendibilidade aos mercados, senón que inclúa compromisos co desenvolvemento social no medio ambiente e que asuma, en clave de país, a consolidación dun sistema enerxético forte, eficiente, socialmente rendible, equilibrado e sostible como unha forza motriz do crecemento e expansión da economía galega. Galiza é a primeira comunidade do Estado e a sexta potencia mundial en produción de electricidade procedente do vento. O noso obxectivo é chegar a 6.500 MW autorizados en 2012. No período 2008-2012 ampliaremos a potencia eólica total comprometida actualmente (4.173 MW) en 2.325 MW, un 55,7% máis. Os impactos destas iniciativas cífranse en 5.500 millóns de euros de investimento global (directo e inducido) e na creación de 3.000 postos de traballo entre 2008 e 2012.

**A** crise económica ten unha das súas cernas na crise do modelo de consumo enerxético baseado no petróleo. As estratexias que estamos a impulsar para acrecentar o peso das fontes renovábeis na xeración de enerxía en Galiza, a medio prazo, han de contribuír a minguar as turbulencias que a alza do cru xeran na nosa economía.

"O contexto actual é propicio para que as empresas amplíen o seu ámbito de actuación e compensen a caída da demanda interna cunha maior presenza nos mercados exteriores"

### 3. Unha política industrial activa

**E**ntre as nosas prioridades está apoiar a internacionalización das empresas e promover o investimento estranxeiro en Galiza. Tamén se están a incentivar factores que implican maior competitividade externa da industria galega, na procura de exportacións rendíbeis, con maior valor engadido e compoñente tecnolóxico. Contamos con programas e incentivos para estimular a innovación, procesos de calidade, sociedade da información, dimensionamento sectorial ou empresarial mediante fórmulas asociativas ou de actuación conxunta, e formación especializada, como ferramentas clave para gañar mercados e cotas de internacionalización.

**O**s resultados están sendo positivos. Galiza conta hoxe cunha economía máis internacionalizada que a media estatal. No 2007 Galiza posicionouse como a quinta comunidade exportadora do Estado (en 2006 éramos a sexta), cun volume que acadou os 16.000 millóns de euros. Mentres as exportacións españolas aumentaron un 6,4% en 2007, as galegas medraron un 9,5%. Ademais, o noso país segue a incrementar a súa porcentaxe de participación no total exportado polo Estado, achegando o 8,8%.

**P**ero estes indicadores positivos deben estimularnos para continuar por este camiño e especialmente agora, neste escenario de recesión económica. Este contexto resulta especialmente propicio para que as empresas amplíen o seu ámbito de actuación e compensen a caída da demanda interna cunha maior presenza nos mercados exteriores. De feito, a actividade exportadora galega, na que a industria viguesa xoga un papel fundamental, está atenuando os efectos da crise, permitindo medrar por riba da media do Estado.

O pasado febreiro a Consellería de Innovación adoptou medidas de choque para expandir a demanda exterior dos produtos e servizos das empresas galegas. Medidas que contan cun orzamento de 53 millóns de € este ano. Este programa de incentivos aséntase en factores clave como o desenvolvemento da Sociedade da Información (36 millóns €), a internacionalización de sectores produtivos estratéxicos (5,2 millóns), o impulso de actuacións de promoción turística no exterior (5 millóns) ou as liñas de apoio á adquisición de bens industriais polas Pemes galegas (7,3 millóns).

#### 4. Investimento na economía do coñecemento e I+D+I

A nosa acción de goberno ten como obxectivo colocar a Galicia na vangarda das estratexias de competitividade baseadas na innovación e a investigación, para iso estamos despregando o Plan Galego de I+D+i (2006-2010) e o Plan Galego da Sociedade de Información 2007-2010 (PEGSI). O Plan Galego de I+D+i 2006-2010 (INCI-TE) ten por misión vertebrar o sistema galego de I+D+i e desenvolver o potencial investigador e innovador en Galicia. En 2008 o investimento de Galiza en I+D+i alcanzará os 176 millóns de euros, un 138% máis que en 2004 (74,2 millóns). Pola súa banda, o Plan Galego da Sociedade da Información 2007-2010 (PEGSI) diseña unha estratexia para a implantación das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) en Galiza para dar o salto definitivo desde unha economía excesivamente dependente do cemento a unha economía do coñecemento. Conta cun orzamento global de 810 millóns de euros, entre 2007 e 2010, dirixidos a fomentar o uso de ferramentas TIC polas empresas, administracións e sociedade; e a promover un sector das TIC galego, que desenvolva contidos, servizos e bens de equipo, e permita xerar emprego de calidade e valor engadido, potenciando as estratexias de internacionalización.

#### 5. O medio rural galego, espazo estratéxico prioritario

O grande desafío que enfrontamos desde a nosa chegada ao goberno de Galiza é converter o medio rural galego nun espazo estratéxico prioritario para o desenvolvemento competitivo de novas actividades económicas. Temos que desfacer nos da idea falsa e anticuada que identifica o medio rural cunha situación de pobreza e falta de oportunidades económicas. Galiza conta con grandísimas potencialidades agrogandeiras e forestais que configuran unha oportunidade estratéxica de primeira orde. O medio rural e forestal está chamado a ser un eixo central das políticas para a reactivación e o impulso económico do país. Nesta lexislatura desenvolvemos innovadoras liñas para a capitalización e valoración do medio rural, como o Banco de Terras ou a creación das Unidades de Xestión Forestal.

No presente escenario de enfriamento económico un Plan extraordinario de Investimentos no Medio Rural, dotado con 212 millóns, permitirá máis de 3.500 actuacións en tres ámbitos: xestión forestal sostible e rendíbel; mellora de infraestruturas e estruturas produtivas;

e impulso dos proxectos económicos de dinamización, emprendimiento e diversificación económica no rural.

Combinando dúas estratexias, a intensificación do investimento en obra pública e o apoio e fortalecemento do papel da iniciativa privada na dinamización económica do rural en Galiza, confiamos en crear, consolidar e manter 5.000 postos de traballo nas comarcas rurais do noso país.

#### 6. A economía do benestar, outro activo fronte á crise

Aplasmación do noso proxecto innovador de goberno ten na aposta polos servizos de igualdade e benestar, outro dos seus retos estratéxicos de país. Máis que nunca, neste ciclo económico reivindicamos a necesidade de articular unha rede pública de servizos sociais en Galicia que institucionalice estes recursos ao mesmo nivel da sanidade ou a educación. Non cabe falar do gasto público senón do investimento público, nun esforzo claro por reforzar servizos que son sinónimo de desenvolvemento, calidade de vida e benestar. Á vez que construímos o Sistema Galego de Benestar estas xurdindo un emerxente sector de servizos especializados no benestar que teñen unha contrastada capacidade de xeración de riqueza e emprego. Xunto á economía do coñecemento, a consolidación dunha economía do benestar convértese nun vector que pode contribuír á dinamización económica; estimamos que co desenvolvemento do Sistema Galego de Benestar e a Rede de Servizos de Igualdade crearemos

en 2008 máis de 1.000 novos postos de traballo directos.

#### O novo horizonte do autogoberno de Galiza

Iniciamos o remate de mandato que será decisivo para consolidar algúns dos cambios fundamentais impulsados pola nosa acción á fronte das institucións do autogoberno e para sentar as bases de futuras políticas sobre as que soste unha segunda onda de mudanzas políticas e socioeconómicas en Galiza. Entre elas, a definición dun novo horizonte competencial cun Novo Estatuto. No tempo aínda politicamente vivo desta lexislatura un dos obxectivos que propoñemos é avanzar no proceso de transferencias aberto para ampliar as capacidades do autogoberno, dándolle pleno desenvolvemento ás competencias contempladas no Estatuto de Autonomía de 1981, entre as que ocupa un lugar preeminente ao traspaso das competencias de tráfico e seguridade viaria.

A doita ser común que o Goberno Central cada vez que recepciona unha demanda para a ampliación do autogoberno de Galiza, Euskadi ou Cataluña conteste cunha negativa ou á defensiva, argumentando a necesidade de cumprir dous requisitos: que se axuste á legalidade e que responda a unha vontade cidadá maioritaria. A solicitude de transferencia a Galiza das competencias de tráfico cumpre rigorosamente eses criterios: instrumentalízase de acordo cunha das vías fixadas no noso Estatuto de Autonomía para a ampliación dos poderes do noso autogoberno, conta co respaldo da totalidade de grupos políticos e atende a unha demanda maioritaria dos cidadáns e cidadás de Galiza.

"O bloqueio da axenda de Zapatero ten a súa máxima expresión na resistencia da ministra de AA.PP a convocar a Comisión Bilateral que debe constituir a subcomisión de seguimento dos prazos de execución do AVE"

Cando camiñamos cara aos cen primeiros días de goberno do novo gabinete do presidente Rodríguez Zapatero, enfróntase, na súa relación con Galiza, a unha notábel crise de credibilidade. Na andaina inicial do seu goberno, a frialdade coa que se recepcionan as peticións de Galiza para o traspaso de competencias acordadas en decembro de 2007 ou para atender a transferencia en seguridade, e as estratexias evasivas respecto do cumprimento dos prazos para a construción do AVE de conexión con Galiza apuntan un acusado cambio de actitude respecto da cooperación e o diálogo institucional co autogoberno galego. Onde antes se proclamou vontade de cooperación, agora prima unha estratexia de contención, e o diálogo deu paso a un bloqueo forzado da axenda de temas a tratar que ten a súa expresión máis extrema na resistencia da ministra de Administracións Públicas a proceder a convocatoria da Comisión Bilateral que debe constituír no seu seo unha Subcomisión para o seguimento dos prazos do AVE. Contención e negativa ao diálogo que unicamente serven para disolver responsabilidades e empardecer compromisos asumidos e para irresponsablemente contribuír a cronificar problemas cando estamos a tempo de darlles resposta positiva.

Unha axenda clara de compromisos e datas de realización é a garantía mínima de credibilidade das políticas do Goberno Central en atención dos intereses de Galiza. O inmovilismo non é a resposta. Adiar os prazos de execución dos compromisos non é a solución. A indefinición política non é de recibo. As peores políticas no pasado do noso país medíronse sempre en tempos de espera. As follas de rutas serven para sinalar o camiño e para determinar a velocidade dos avances. A simple contemplación da folla de ruta non conduce a ningures. O futuro de Galiza mídese en termos de avance e non de contemplación pasiva e resignada. Os termos das peticións de Galiza están claros. Responden escrupulosamente á legalidade. Están acompañados do máis amplo consenso institucional. Os compromisos de investimento en infraestruturas esixen un calendario preciso nos prazos de execución. É a eficacia a que dá a medida da credibilidade dos compromisos.

Consenso da cidadanía galega e procura dunha relación de bilateralidade para concertar co Estado solucións e novas políticas que atendan as necesidades de Galiza son dous dos instrumentos que desde o BNG no goberno estamos a privilexiar para ampliar e fortalecer o noso autogoberno.

### Unha oferta galeguista para unha maioría social

Malogrouse a primeira oportunidade para aprobar o Novo Estatuto de Galiza e que nos tería permitido dispoñer de recursos e instrumentos políticos semellan-

tes aos que dispón Cataluña. Un Estatuto que nos coloque ao mesmo nivel que as demais nacións do Estado, que amplíe e blinde o noso ámbito competencial e que nos permita autorresponsabilizarnos do futuro contribuíndo á construción dun Estado Plural.

Galiza necesita un Novo Estatuto para sentar as bases políticas e xurídicas dunha nova arquitectura dos poderes públicos de Galiza e redefinir o seu marco relacional co Estado español e coa Unión Europea. Necesitamos o Novo Estatuto para seguir ampliando as liberdades e dereitos como fundamento dunha nova cidadanía. E o Novo Estatuto debe fixar as bases financeiras coas que impulsar políticas de desenvolvemento produtivo, a extensión dos servizos públicos do benestar e consolidar estratexias de normalización cultural e lingüística. O consenso é a materia prima coa que queremos deseñar o Estatuto como instrumento de construción da Galiza do século XXI. Consenso integrador como fundamento do gran contrato cidadán que os galegos e galegas deben subscribir para establecer o marco institucional no que exercer liberdades e dereitos como pobo.

Novo Estatuto definirá as ferramentas das que nos queremos dotar para afrontar os retos institucionais, sociais, políticos e económicos aos que Galiza ten que dar resposta. Será o noso cadro de recusos financeiros, competenciais e decisionais, pero tamén o marco no que queremos autorresponsabilizarnos no futuro das nosas políticas. Entendemos o noso autogoberno como un exercicio de autorresponsabilidade e de confianza nas nosas capacidades. Esa é a substancia política do galeguismo que nos legaron Castelao, Vilar Ponte ou Alexandre Bóveda.

Queremos construír unha nova maioría social e política como apoiatura dun novo goberno e do Novo Estatuto de Nación que Galiza precisa facer realidade en 2009. Unha nova maioría social que queremos facer posible sumando as vontades dos galeguistas, dos galegos e galegas que cren nas posibilidades de Galiza para autorresponsabilizarse do seu presente e do seu futuro.

O galeguismo sinala nitidamente a liña da fronteira respecto daqueles que pensan que Galiza só ten futuro como unha administración descentralizada e supeditada ás directrices do Estado e daqueles outros que cren que Galiza é unha realidade histórica que unicamente ten pasado.

Somos unha país con historia, pero Galiza ten un autogoberno presente que é un instrumento para construír o noso futuro en termos de benestar, desenvolvemento produtivo e normalización cultural. O proxecto de presente e futuro do noso país defínese ao redor de todos os galegos e galegas que cren e confían nas capacidades de Galiza.



CLUB FINANCIERO VIGO  
Fundado en 1997

Edita: Club Financiero Vigo  
C/ García Barbón, 62 - Vigo -36201  
Tfno.: 986 447220 / Fax: 986 449886  
E-mail: cfv@clubfinancierovigo.com  
Imprime: C.A. Gráfica

### Papeles CFV

se edita con el patrocinio de:

caixanova 